

## Orde de selección de direccións

*A principal novidade da orde de selección de direccións deste curso é a inclusión, por vez primeira, do requisito de ter superado o curso de formación para a dirección que, no caso de Galiza, se ofertou por vez primeira este ano. Un curso que iniciaron 300 persoas e que remata precisamente esta fin de semana. A obriga de ter feito o curso é un novo exemplo de como a Consellaría aplica sen rubor os aspectos máis contestados socialmente da LOMCE, mesmo cando ten marxe para democratizar minimamente este proceso de selección. As medidas que a CIG-Ensino propuxo nestes anos e que agora reitera, teñen cabido no actual marco legal como é o caso de ceder a responsabilidade da selección a unha comisión na que a comunidade educativa, e dentro dela o profesorado do centro, sexan claramente maioría.*

Ao respecto da convocatoria deste ano e da obriga do curso de formación, desde a CIG-Ensino entendemos que, sendo este o primeiro ano no que se ofertou o curso, o **nomeamento excepcional** da Disposición Adicional 1ª (exención do curso de formación) non se debe limitar á ausencia de candidaturas para o centro senón que debe estenderse a todos os centros nos que ningunha das persoas aspirantes é seleccionada. Se unimos unha comisión verdadeiramente democrática, na que os centros teñan capacidade de decisión e non as persoas nomeadas a dedo pola Administración, coa eliminación dun requisito do que moitos aspirantes poden carecer, estaríamos a falar dun cambio fundamental e que respondería a unha concepción abertamente democrática da elección da dirección dun centro.

### O modelo de instrución do actual curso de formación

Aproveitamos esta Mesa Sectorial para facer dúas críticas á Consellaría por aspectos relacionados co actual curso de formación. A principal garda relación co enfoque claramente empresarial e xerárquico que se trasladou por varios dos formadores no curso. Amosouse unha concepción da dirección dun centro educativo como se fosen cargos directivos da empresa privada, afastados do que supostamente debería ser o papel de coordinación pedagóxica que se agarda dunha persoa que asume a dirección dun centro. Conceptos como o de **“traballo por obxectivos, como as empresas, como nunha fábrica de coches”**, estiveron presentes no curso, cunha imaxe das direccións como mandos intermedios dunha cadea piramidal e ao alumnado e as familias en clientela. Tamén tivo un papel destacado a defensa das avaliacións externas na

**A instrución neoliberal no curso de dirección: "nos centros educativos debemos traballar por obxectivos, como nunha empresa, como nunha fábrica de coches e o alumnado é a clientela"**

máis pura escola LOMCE, que para a CIG-Ensino son concepcións que non deberían ter cabida hoxe nun plan de formación oficial da Consellaría. Por outro lado o feito de que se deran instrucións para que **as horas de ausencias ao centro nos días de clases presencias** se computasen como imprevistos ou que se pedisen asuntos propios nos parece un despropósito. Solicitamos que se remita unha circular a todos os centros desde a Dirección Xeral para que se xustifiquen todas esas ausencias necesarias para asistir ao curso ou para desprazarse a el. **A Consellaría está de acordo coa nosa queixa mais delega a responsabilidade na Dirección Xeral de Educación, como responsábel da formación do profesorado.**

### A CIG-Ensino reitera un modelo que parte da democracia interna nos centros e da non inxerencia da Administración

O modelo que propón a CIG-ENSINO pasa por un sistema de selección en **dúas fases**:  
**1ª fase.** Só se podería presentar o profesorado con destino definitivo no centro. Nesta fase non se aplicaría ningún baremo de méritos e sería a través da decisión democrática dos órganos colexiados do centro como se elixira a persoa idónea para ocupar a dirección. Nesta fase as persoas candidatas terían que presentar un proxecto de dirección. A Comisión, conformada exclusivamente por profesorado e representantes do Consello Escolar actuaría por mandato dos respectivos órganos de elección,

mediante voto delegado do Claustro e Consello, que terían que revisar e valorar as candidaturas.

**2ª fase.** Só para aqueles centros nos que non houberse candidaturas ou estas foran rexeitadas pola Comisión, se habilitaría un concurso de méritos de similares características ao que se presenta na proposta da Consellaría, tendo en conta as propostas de cambio que a CIG-Ensino presenta ao propio texto nesta Mesa Sectorial, especialmente as relacionadas coa exención do curso de formación. A nosa é unha clara alternativa a un reparto da comisión proposto pola Consellaría abertamente negacionista da capacidade democrática dos centros e que está blindado polos intereses da Consellaría:

- NOMEADOS A DEDO POLA ADMINISTRACIÓN:  
- ELIXIDOS DEMOCRATICAMENTE: 3 (2 POLO CLAUSTRO E 1 POLO CONSELLO ESCOLAR)

Hai exemplos todos os cursos de actuacións claramente arbitrarias dalgúns representantes nomeados pola Consellaría que evitan seleccionar á persoa que goza do apoio maioritario do consello e o claustro.

### **O profesorado de PT e AL en Secundaria vale para todo menos para cobrar o complemento da ESO.**

O profesorado de PT e AL que desempeñan funcións de atención á diversidade aparece agora expresamente citado para poder optar á dirección dun IES mais segue sen poder cobrar o complemento da ESO. Consideramos unha clara discriminación e un insulto a este profesorado que siga excluído de cobrar o equivalente ao resto do profesorado do centro e reclamamos que se sexa tratado con igualdade, tamén no salario.

### **Propostas da CIG-Ensino ao articulado:**

- 1.- Artigo 2.b. e 2.c. Non estamos de acordo con exixir 5 anos de antigüidade. O único requisito de antigüidade debe estar vinculado con ter a condición de funcionariado de carreira. Faise así para centros pequenos ou con pouco profesorado e pode facerse con todos.
- 2.- Artigo 3.1.b. Non ten sentido pedirlle acreditación do curso de formación a quen o fixo coa Consellaría xa que consta nos datos que xa ten a administración.
- 3.- Artigo 3.1.c. O proxecto deberá estar redactado en galego, como respecto ao carácter vehicular do noso idioma e como garantía de que alguén que vai ocupar a dirección ten competencia no seu uso.
- 4.- Artigo 3.1.d. Retirada deste apartado xa que está totalmente aberto á arbitrariedade. **A Consellaría acéptao.**
- 5.- Artigo 3.3. En coherencia coa nosa proposta dunha selección en 2 fases, propomos que as persoas candidatas á dirección presenten o seu proxecto diante do Claustro de profesorado e do Consello escolar e que a Consellaría delegue os membros que lle corresponden no Claustro, 2 representantes, e Consello Escolar, 1 representante.
- 6.- Artigo 5.1. As persoas que forman parte da comisión en representación do Claustro de profesorado e do Consello Escolar deben respectar a decisión deses órganos colexiados, actuando como voto delegado deles.
- 7.- Artigo 6. Nos centros de menos de 4 unidades non ten sentido crear a comisión e debe elixirse directamente a dirección.
- 8.- Artigo 7.4. A entrevista debe ser eliminada, xa que pode ser un elemento para promover a elección dun director ou directora a pesar de non ter o aval dos órganos do centro.
- 9.- Artigo 8.3. Propoñemos mudar os criterios de desempate, atendendo primeiro á maior puntuación no apartado 1 do baremo (antigüidade) e logo no 2 (cargos directivos e de coordinación).

### **Baremo**

- 1.- O Baremo só ten xustificación, na proposta que presenta a CIG-ENSINO no caso dunha selección en segunda fase, cando non hai candidaturas no propio centro. Para estes casos, estas son as propostas de cambios que presentamos:
- 2.- Apartado 1. Maior puntuación da antigüidade, pasando de 4 a 5 puntos.
- 3.- Apartados 1.1. e 1.2. Como se puntúa antigüidade dunha persoa que pertence a dous corpos (p.ex. mestre, PES). Defendemos que a puntuación máxima (0,50) se dea cando sexan anos de antigüidade nun corpo dos que imparten docencia no centro ao que se opta.
- 4.- Apartado 2. Menor puntuación no desempeño de dirección e outros cargos, pasando de 6 a 4 puntos
- 5.- Apartado 2.3. Eliminar a puntuación de cargos como subdirección e xefatura de servizos na administración educativa.
- 6.- Apartado 5. Eliminar a puntuación por formar parte do corpo de cátedras.
- 7.- Apartado 6. Eliminar a puntuación por estar en servizo activo. Supón unha discriminación innecesaria para persoas que están, por exemplo, nunha excedencia por coidado de familiares. Neste caso, garantir que se puntuarán igual.
- 8.- Apartado 7. Maior puntuación por ter destino definitivo no centro ao que se concursa a 5 puntos.
- 9.- Apartado 8 (aparece 6 por erro). Proxecto de dirección. Non debe ter puntuación. Só debe ser cualificado como apto e non apto.

***A Consellaría só acepta revisar a redacción do apartado 1.1 para que quede claro que se puntúa o mesmo a dúas persoas de corpos diferentes se imparten docencia no mesmo centro.***